

# GREGO

## RECOMENDADO PARA:

Especialmente alumnado que desexe continuar formación universitaria en ciclos de Lingua Galega, Portuguesa, Románica, Hispánica, Xermánica, Italiana... así como estudos en Historia, Filosofía, Xornalismo, Maxisterio na especialidade de Linguas, Dereito e titulacións afíns.

Tamén aporta aprendizaxes moi valiosas para alumnado que desexe facer ciclos formativos de grao superior das familias da rama Audiovisual, Comunicación Audiovisual e semellantes.

## CARGA HORARIA SEMANAL

4 horas en 1º de Bacharelato de Humanidades

4 horas en 2º de Bacharelato de Humanidades

## CONTIDOS

O estudo desta materia organízase en bloques que aparecen nos dous cursos:

### **Bloque 1:** Lingua Grega

Neste apartado o alumnado coñece a orixe da lingua grega a partir do indoeuropeo, os principais grupos lingüísticos que compoñen a familia das linguas indoeuropeas, aprende a Identificar o indoeuropeo como a lingua nai da meirande parte das linguas faladas en Europa hoxe en día e coñece as etapas da historia da lingua grega.

### **Bloque 2.** Sistema da lingua Grega: elementos básicos.

Este bloque abarca o estudo da orixe do alfabeto grego, a súa influencia e relación con outros sistemas de escritura usados na actualidade, os caracteres do alfabeto grego na súa forma minúscula e maiúscula, escribilos e lelos coa pronuncia correcta así como coñecer e aplicar as normas de transcripción de termos gregos ao abecedario galego e castelán.

### **Bloque 3.** Morfoloxía

O alumnado coñece o concepto de flexión lingüística, aprende a identificar e distinguir os formantes das palabras, aprende a entender o concepto de declinación/flexión, a encadrar as palabras dentro da súa declinación, declinalas correctamente, e a analizar e traducir formas nominais, pronominais e verbais de textos sinxelos.

### **Bloque 4.** Sintaxe

Neste bloque o alumnado aprende a coñecer e analizar as funcións das palabras na oración, a identifica os nomes dos casos gregos e as súas funcións na oración, a saber traducir adecuadamente os casos á lingua materna, a coñecer o concepto de concordancia tanto nominal (caso, xénero e número) como verbal e a distinguir as oracións simples das compostas.

### **Bloque 5.** Grecia: historia, cultura e civilización

Este bloque está adicado a coñecer os feitos históricos das diferentes etapas da historia de Grecia, encadralos no seu período correspondente, realizar eixes cronolóxicos, estudar e comparar as

principais formas de organización política e social da antiga Grecia, coñecer a composición da familia e os papeis asignados aos seus membros así como identificar as principais formas de traballo e de lecer da Antigüidade. Adicase tamén una parte importante deste apartado a coñecer os principais deuses da mitoloxía, os mitos e os heroes gregos, a establecer semellanzas e diferenzas entre os mitos e os heroes antigos e os actuais, e a comparar as características da relixión grega coas actuais. Tamén se inclúe neste apartado o estudo das semellanzas e diferenzas entre as manifestacións deportivas da Grecia Clásica e as actuais.

### **Bloque 6: Textos**

O alumnado aprende a aplicar os coñecementos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos e léxicos da lingua grega para a interpretación e a tradución coherente de frases ou textos de dificultade progresiva.

### **Bloque 7: Léxico**

Este bloque comprende a identificación e tradución de léxico grego, principalmente palabras de maior frecuencia, e os principais prefixos e sufixos. O alumnado aprende a recoñecer os helenismos máis utilizados no vocabulario común e a relacionalos cos étimos gregos orixinais. Tamén identifica e coñece os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego (derivación e composición) coa finalidade de entender mellor os procedementos de formación de palabras nas súas linguas e aprende ademáis a relacionar palabras da mesma familia léxica.